

# PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia do centro educativo Marista Santa María de Tui ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
  - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
    - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
    - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
  - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
  - Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo

onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### *ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL*

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - a. Uso de Google Classroom a través dos enderezos electrónicos institucionais xerados para o alumnado de centro e en uso dende o mes de setembro.
  - b. Uso de Meet, vinculado a ditos enderezos electrónicos, para a realización de videochamadas.

- c. Establecemento dun calendario semanal de videochamadas por materias e cursos en coordinación con todo o profesorado de centro.

3º

Tutor: Jorge Álvarez Senra  
3 EP

| Maristas Tui                  | Lu                | Ma                | Mi                | Ju          | Vi                |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------|-------------------|
| 1<br>8:30-9:30                |                   |                   |                   |             |                   |
| 2<br>9:30-10:20               | Matemáticas       | Matemáticas       | Matemáticas       | Matemáticas | CS                |
| 3<br>10:20-11:20              | EF                | Lengua Castellana | Lengua Castellana | EF          | Lengua Castellana |
| 4 (con recibo)<br>11:20-12:00 | Lengua Castellana | CN                | CS                | Inglés      | Religión          |
| 5<br>12:30-13:40              | CN                | MUS               | Inglés            | CS          | Gallego           |
| 6<br>13:40-14:30              | Plast             | Gallego           | Gallego           | Gallego     | Inglés            |
| MEDIODIA<br>14:30-15:10       | MEDIODIA          |                   |                   |             |                   |
| 7<br>15:10-16:10              |                   |                   |                   |             |                   |
| 8<br>16:10-17:00              |                   |                   |                   |             |                   |
| 9<br>17:00-18:00              |                   |                   |                   |             |                   |

4º

Tutor: Luis Bugaín  
4EP

| Maristas Tui                  | Lu                | Ma                | Mi                | Ju                | Vi      |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|---------|
| 1<br>8:30-9:30                |                   |                   |                   |                   |         |
| 2<br>9:30-10:20               | Inglés            | CN                | Inglés            | Gallego           | Inglés  |
| 3<br>10:20-11:20              | Matemáticas       | Lengua Castellana | Lengua Castellana | Lengua Castellana | CN      |
| 4 (con recibo)<br>11:20-12:00 | Lengua Castellana | EF                | Gallego           | Matemáticas       | EF      |
| 5<br>12:30-13:40              | CS                | Religión          | Matemáticas       | CS                | Gallego |
| 6<br>13:40-14:30              | Gallego           | Matemáticas       | MUS               | A. Lectura        | Plast   |
| MEDIODIA<br>14:30-15:10       | MEDIODIA          |                   |                   |                   |         |
| 7<br>15:10-16:10              |                   |                   |                   |                   |         |
| 8<br>16:10-17:00              |                   |                   |                   |                   |         |
| 9<br>17:00-18:00              |                   |                   |                   |                   |         |

## 5º

Tutor: Sonia Rodríguez  
5 EP

| Maristas Tui                  | Lu                | Ma                | Mi                | Ju                | Vi          |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------|
| 1<br>8:30-9:30                |                   |                   |                   |                   |             |
| 2<br>9:30-10:20               | Gallego           | CS                | Gallego           | Gallego           | Gallego     |
| 3<br>10:20-11:20              | Lengua Castellana | EF                | Matemáticas       | Inglés            | EF          |
| 4 (con recreo)<br>11:20-12:00 | Matemáticas       | Matemáticas       | Religión          | Lengua Castellana | Inglés      |
| 5<br>12:00-12:40              | Plast             | Lengua Castellana | CN                | Matemáticas       | Matemáticas |
| 6<br>12:40-13:30              | Inglés            | MUS               | Lengua Castellana | CS                | CN          |
| MEDIODIA<br>13:30-13:50       | MEDIODIA          |                   |                   |                   |             |
| 7<br>13:50-14:30              |                   |                   |                   |                   |             |
| 8<br>14:30-15:20              |                   |                   |                   |                   |             |
| 9<br>15:20-16:00              |                   |                   |                   |                   |             |

## 6º

Tutor: Nufra Buján  
6 EP

| Maristas Tui                  | Lu          | Ma                | Mi          | Ju                | Vi                |
|-------------------------------|-------------|-------------------|-------------|-------------------|-------------------|
| 1<br>8:30-9:30                |             |                   |             |                   |                   |
| 2<br>9:30-10:20               | Matemáticas | CS                | Matemáticas | Matemáticas       | Lengua Castellana |
| 3<br>10:20-11:20              | Inglés      | Lengua Castellana | EF          | Lengua Castellana | Matemáticas       |
| 4 (con recreo)<br>11:20-12:00 | EF          | Inglés            | CN          | CS                | Gallego           |
| 5<br>12:00-12:40              | CN          | Matemáticas       | Gallego     | MUS               | Inglés            |
| 6<br>12:40-13:30              | Plast       | Gallego           | Religión    | A. Lectura        | CS                |
| MEDIODIA<br>13:30-13:50       | MEDIODIA    |                   |             |                   |                   |
| 7<br>13:50-14:30              |             |                   |             |                   |                   |
| 8<br>14:30-15:20              |             |                   |             |                   |                   |
| 9<br>15:20-16:00              |             |                   |             |                   |                   |

## 1º ESO

Tutor : Inma González  
1 ESO

Maristas Tui

|                               | Lu          | Ma                | Mi                | Ju                | Vi                |
|-------------------------------|-------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| 1<br>8:30-9:30                | Inglés      | Inglés            | Tutoría           | Francés           | Inglés            |
| 2<br>9:30-10:30               | Galego      | Matemáticas       | Lengua Castellana | Xeo               | BeX               |
| 3<br>10:30-11:30              | Francés     | BeX               | Galego            | Matemáticas       | Galego            |
| 4 (con recreo)<br>11:30-12:30 | BeX         | Lengua Castellana | Matemáticas       | Galego            | Matemáticas       |
| 5<br>13:30-14:30              | Matemáticas | EFJ               | BeX               | Lengua Castellana | Religión          |
| 6<br>14:40-15:30              | Plast       |                   | Xeo               | Plast             | Lengua Castellana |
| MEDIODIA<br>15:30-16:30       | MEDIODIA    |                   |                   |                   |                   |
| 7<br>16:30-16:50              |             |                   |                   |                   |                   |
| 8<br>16:50-17:30              | PS          |                   |                   |                   |                   |
| 9<br>17:30-18:30              | Xeo         |                   |                   |                   |                   |

## 2º ESO

Tutor : Ana Isabel  
2 ESO

Maristas Tui

|                               | Lu                | Ma                | Mi          | Ju                | Vi          |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|-------------|-------------------|-------------|
| 1<br>8:30-9:30                | FyQ               | Tec.              | Tutoría     | Tec.              | FyQ         |
| 2<br>9:30-10:30               | Matemáticas       | Inglés            | Francés     | Matemáticas       | MUS         |
| 3<br>10:30-11:30              | Galego            | Galego            | Matemáticas | Lengua Castellana | Matemáticas |
| 4 (con recreo)<br>11:30-12:30 | MUS               | Matemáticas       | FyQ         | Xeo               | Xeo         |
| 5<br>13:30-14:30              | Lengua Castellana | Francés           | Galego      | Inglés            | EFJ         |
| 6<br>14:40-15:30              | Inglés            | Lengua Castellana | Tec.        | Religión          |             |
| MEDIODIA<br>15:30-16:30       | MEDIODIA          |                   |             |                   |             |
| 7<br>16:30-16:50              |                   |                   |             |                   |             |
| 8<br>16:50-17:30              | Xeo               |                   |             |                   |             |
| 9<br>17:30-18:30              | Hab. Sal          |                   |             |                   |             |

## 3º ESO

Tutor: Juan Carlos  
3 ESO

Maristas Tui

|                               | Lu                | Ma          | Mi                | Ju     | Vi                |     |          |
|-------------------------------|-------------------|-------------|-------------------|--------|-------------------|-----|----------|
| 1<br>8:30-9:30                | Xeo               | Xeo         | Tutoría           | Inglés | Xeo               |     |          |
| 2<br>9:30-10:20               | Matemáticas       | Inglés      | FyQ               | MUS    | Lengua Castellana |     |          |
| 3<br>10:20-11:20              | MUS               | CC          | Francoés          | CC     | Francoés          | FyQ | Religión |
| 4 (con recreo)<br>11:20-12:00 | Inglés            | Matemáticas | Lengua Castellana | BeX    | Plast             |     |          |
| 5<br>12:00-12:40              | Lengua Castellana | Tec.        | Matemáticas       | EFJ    | Gallego           |     |          |
| 6<br>12:40-1:30               | BeX               | Plast       | Gallego           |        | Matemáticas       |     |          |
| MEDIODIA<br>1:30-16:10        | MEDIODIA          |             |                   |        |                   |     |          |
| 7<br>16:10-16:50              |                   |             |                   |        |                   |     |          |
| 8<br>16:50-17:30              | Tec.              |             |                   |        |                   |     |          |
| 9<br>17:30-18:00              | Gallego           |             |                   |        |                   |     |          |

## 4º ESO

Tutor: Beatriz Troncoso  
4º ESO

Maristas Tui

|                               | Lu          | Ma                | Mi          | Ju                 | Vi       |             |     |     |
|-------------------------------|-------------|-------------------|-------------|--------------------|----------|-------------|-----|-----|
| 1<br>8:30-9:30                | Inglés      | Inglés            | Tutoría     | Lengua Castellana  | Gallego  |             |     |     |
| 2<br>9:30-10:20               | Francoés    | MUS               | Econ        | FyQ                | BeX      | Econ        | FyQ | TIC |
| 3<br>10:20-11:20              | BeX         | Matemáticas       | Matemáticas | Francoés           | MUS      | Matemáticas |     |     |
| 4 (con recreo)<br>11:20-12:00 | Econ        | FyQ               | Xeo         | Lengua Castellana* | Inglés   | Francoés    | MUS |     |
| 5<br>12:00-12:40              | Matemáticas | Lengua Castellana | EFJ         | Xeo                | BeX      |             |     |     |
| 6<br>12:40-1:30               | Xeo         | TIC               |             | Gallego            | Religión |             |     |     |
| MEDIODIA<br>1:30-16:10        | MEDIODIA    |                   |             |                    |          |             |     |     |
| 7<br>16:10-16:50              |             |                   |             |                    |          |             |     |     |
| 8<br>16:50-17:30              | Gallego*    |                   |             |                    |          |             |     |     |
| 9<br>17:30-18:00              | TIC         |                   |             |                    |          |             |     |     |

Materias sombreadas → videochamada semanal

Materias con caracteres en verde → videochamadas por semanas alternas

Materias en branco e negro → Traballo na materia sen conexión por videochamada.

- d. Uso de Moodle nos cursos da ESO como complemento a Classroom.
- e. Uso da plataforma Globaleduca para a comunicación coas familias e co alumnado.

### *MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL*

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial, segundo as indicacións das autoridades de educación e sanidade.

A previsión das fases a concretar no reinicio da actividade lectiva presencial (no caso do peche dun aula ou do centro por un abrocho neste) pode ser a seguinte:

#### **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

#### Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Establecemento de axustes nas medidas do plan de adaptación
- Aplicación dos axustes establecidos

#### **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será da porcentaxe que se recomende dende a consellería de educación e/ou a de sanidade, así como as quedas de rotación.

#### Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Presentar os axustes nas medidas que sexa preciso comunicar.

#### **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: (por determinar)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será da porcentaxe que se recomende dende a consellería de educación e/ou a de sanidade, así como as quedas de rotación.

#### Obxectivos: (por determinar)

- Favorecer que o alumnado interiorice as medidas a través de rutinas claras e coordinadas.



#### **Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: (por determinar)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos: (por determinar)

